

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

19035 *Real decreto lei 19/2011, do 2 de decembro, polo que se modifica o Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, levou a cabo a maior reforma da regulación do sistema de garantía de depósitos en España desde a súa fundación cun dobre obxectivo dirixido a culminar a recapitalización e a reestruturación do sistema financeiro.

En primeiro lugar, a reforma afrontou a unificación dos ata entón tres fondos de garantía de depósitos nun único Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, mantendo as funcións e trazos característicos dos tres fondos aos cales substituíu. En segundo lugar, dirixiuse á actualización e ao fortalecemento da función de resolución do fondo unificado co fin de garantir a súa actuación flexible no reforzamento da solvencia e o funcionamento das entidades. O principio esencial sobre o cal se fundamentou a dita reforma, principio que tanto as instancias financeiras internacionais como o Goberno situaron na base da intervención ante a crise financeira, é o de que os custos ocasionados pola reestruturación do sector financeiro sexan asumidos polo propio sector, co fin de que non se trasladen os custos do sector privado ao erario público, é dicir, ao contribuínte, e isto sen prexuízo do mantemento da estabilidade e da solvencia do sistema financeiro.

Este real decreto lei procede a completar e reforzar esta reforma do sistema, revisando o tope legalmente fixado para as achegas anuais que as entidades deben realizar ao Fondo, elevándoo do 2 ao 3 por mil para garantir que se dota o Fondo da súa máxima capacidade operativa. Adicionalmente, lévase a cabo a expresa derogación das ordes ministeriais que, conforme o réxime vixente, establecían unha rebaixa conxuntural e potestativa das achegas das entidades ao 0,6, 0,8 e 1 por mil, respectivamente, en función do tipo de entidades, herdanza derivada da existencia dos tres fondos de garantía anteriores. O resultado de ambos os dous cambios é a fixación, nunha norma con rango de lei, dun tope do 3 por mil de achegas por depósitos garantidos e o establecemento dunha contribución real do 2 por mil en lugar das porcentaxes anteriormente sinaladas.

En segundo lugar, o real decreto lei ten por obxectivo a clarificación e mellora técnica do Real decreto lei 16/2011 naqueles aspectos que poderían xerar inseguridade xurídica. En particular, clarifica e sistematiza o conxunto de recursos de que se pode nutrir o Fondo para o pleno cumprimento das súas funcións e tamén clarifica os instrumentos de apoio que pode utilizar o Fondo para facer fronte ás perdas sobrevidas nas actuacións de reestruturación do sector bancario derivadas do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño

Este real decreto lei componse dun artigo único de modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, dividido en catro puntos.

O primeiro punto dá nova redacción ao artigo 6.2 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, co obxecto de clarificar e sistematizar o conxunto de recursos de que se nutrirá o Fondo co fin de alcanzar o pleno cumprimento das súas funcións. Estes recursos son, en primeiro lugar, o propio réxime ordinario de contribucións, en segundo lugar, as derramas que se poidan reclamar e, finalmente, os recursos captados mediante calquera operación financeira de endebedamento do Fondo. Con carácter adicional, sublíñase expresamente que o Fondo deberá restaurar a suficiencia do seu patrimonio cando este resulte insuficiente para o cumprimento das súas funcións.

O segundo punto oríentase á elevación do tope das achegas anuais que deberán satisfacer as entidades adheridas ao Fondo, elevando ese tope ata o 3 por mil. Ao mesmo

tempo, a derogación normativa prevista no real decreto lei leva consigo o aumento automático das achegas ao 2 por mil, tal e como se establece no artigo 3 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito. Tal derogación normativa implica que se deixa sen efecto o réxime de diminución das achegas das entidades establecido en tales ordes ministeriais.

O punto tres non pretende senón o mantemento do réxime de maiorías vixente para a adopción de decisións no Fondo, adaptando a redacción aos cambios de numeración derivados dos puntos anteriores e clarificándoa.

E, finalmente, o punto catro clarifica os instrumentos de apoio financeiro que pode empregar o Fondo a través do artigo 12 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro.

A adopción das medidas recollidas neste real decreto lei e, en particular, tanto o aumento do límite legal de achegas como a derogación das ordes ministeriais de redución destas resulta imprescindible para reforzar a confianza no noso sistema financeiro e culminar o proceso de recapitalización e reestruturación do noso sistema financeiro co mínimo custo para o erario público. O fortalecemento do Fondo co obxecto de incrementar os seus recursos dispoñibles, tanto en termos financeiros coma das facultades ao seu alcance, resulta necesario. Adicionalmente, tal como veu sucedendo en anteriores ocasións de reforma dos sistemas de garantía de depósitos, a especial sensibilidade da materia fai necesario evitar calquera eventual incerteza derivada do proceso de modificación ordinario da normativa. É por todo iso polo que a adopción de tales medidas exige acudir ao procedemento do real decreto lei, cumprindo os requisitos do artigo 86 da Constitución española en canto á súa extraordinaria e urxente necesidade.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente do Goberno de Asuntos Económicos e da ministra de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de decembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 6 queda redactado do seguinte xeito:

«2. Para o cumprimento das súas funcións, o Fondo nutrirase dos seguintes recursos:

- a) As achegas anuais previstas no número seguinte.
- b) As derramas que realice o Fondo entre as entidades adheridas a el, distribuídas segundo a base de cálculo das achegas.
- c) Os recursos captados nos mercados de valores, préstamos ou calquera outra operación de endebedamento.

En todo caso, cando o patrimonio do Fondo resulte insuficiente para o desenvolvemento das súas funcións, o Fondo realizará as actuacións necesarias para restaurar a súa suficiencia».

Dous. Engádese un novo número 3 ao artigo 6, que queda redactado do seguinte xeito:

«3. O Fondo nutrirase, nos termos que se determine regulamentariamente, con achegas anuais das entidades de crédito integradas nel, cuxo importe será de ata o 3 por mil dos depósitos a que se estende a súa garantía, en función da tipoloxía das entidades de crédito.

As achegas ao Fondo suspenderanse cando o fondo patrimonial non comprometido en operacións propias do obxecto do Fondo iguale ou supere o 1% dos depósitos das entidades adscritas a el».

Tres. O segundo parágrafo do número 5 do artigo 7 queda redactado do seguinte xeito:

«Non obstante, requirirase maioría de dous terzos para acordar a realización das derramas previstas no artigo 6.2.b), e para as medidas previstas no marco dos plans de actuación a que se fai referencia no artigo 11».

Catro. O artigo 12 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 12. *Medidas de apoio á reestruturación e ao reforzamento dos recursos propios dunha entidade.*

1. En caso de que se proceda á reestruturación ordenada dunha entidade de crédito realizada dentro do correspondente plan aprobado polo Banco de España nos supostos previstos no artigo 7.1 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, a Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos en Entidades de Crédito poderá executar calquera das actuacións previstas no artigo 13.1 en favor das entidades financeiras participantes na reestruturación ata o límite das perdas ocasionadas por tal operación.

Do mesmo xeito, en caso de que se adopten medidas de apoio financeiro para o reforzamento dos recursos propios dunha entidade de crédito en virtude do artigo 9 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, a Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos en Entidades de Crédito poderá executar calquera das actuacións previstas no artigo 13.1 en favor das entidades financeiras participantes na operación ata o límite das perdas ocasionadas por tal operación.

2. A Comisión Xestora poderá acordar o previsto no número anterior tendo en conta o beneficio do conxunto do sistema de entidades adheridas e sempre que a estimación do custo ao seu cargo resulte inferior aos desembolsos que tivese que realizar de optar, no momento da adopción do plan, por realizar en lugar deste o pagamento dos importes garantidos.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto lei e, en particular, a Orde ECO/318/2002, do 14 de febreiro, a Orde ECO/2801/2003, do 3 de outubro, e a Orde EHA/3515/2009, do 29 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 6.^a, 11.^a e 13.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO